



DATOS IDENTIFICATIVOS

O español coloquial e as súas variedades

Materia	O español coloquial e as súas variedades			
Código	V01G160V01903			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Quilis Sanz, María José			
Profesorado	Quilis Sanz, María José			
Correo-e	mjquilis@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A lingua española é un suprasistema abarcador de todas as realizacións da nosa lingua. Dentro desta multiplicidade, pódense distinguir o rexistro formal e o informal-coloquial. Ambos forman un continuum que trataremos de explicar e analizar nesta asignatura.			

Competencias

Código	Descrición
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
C10	Ser capaces de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar o medio propio na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
D2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
D3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
D4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
D5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Aprenderase a sistematizar o uso coloquial do español.	A3	C8 C10	D2 D4 D5
Tratarase de promover a iniciativa do alumnado, para que ubique o uso coloquial do español coloquial e as súas variedades na gramática da enunciación.	A2 A3	C10	D2 D4

Contidos

Tema	
1. Concepto de lingua coloquial e rasgos caracterizadores.	1.1. O oral e o escrito. O fónico e o gráfico. 1.2. As manifestacións dos rexistros coloquiais no oral e no escrito.
2. O rexistro coloquial.	2.1. Rexistro formal, rexistro informal-coloquial e rexistro no escrito. 2.2. Rexistro e tipo de discurso.
3. A conversa coloquial.	3.1. A conversa como tipo de discurso. 3.2. Principios e máximas reguladores da conversa.
4. Descrición da linguaxe coloquial por niveis.	4.1. Nivel fónico. 4.2. Nivel morfosintáctico. 4.2.1. A fraseoloxía do español coloquial. 4.3. Nivel léxico-semántico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos/análises de situacións	8	16	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	15	10	25
Sesión maxistral	25	0	25
Traballos e proxectos	0	40	40
Observación sistemática	0	36	36

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Realizaranse análises de textos orais e escritos, que reflictan o uso do español coloquial, para que o alumnado saiba resolvelos, reflexionar sobre a materia e completar os seus coñecementos.
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado terá que resolver os problemas que se plantean nesta materia.
Sesión maxistral	A sesión maxistral consistirá na exposición, que fará a profesora, sobre os contidos da materia. Ademais explicará o traballo que terá que realizar o alumnado para completar a nota.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	É importante este punto, pois coa realización destes aprenderase a facer o traballo final da materia. Polo tanto, as dúbidas do alumnado serán contestadas tanto na aula como nas horas de titoría da profesora.
Estudo de casos/análises de situacións	É importante este punto, pois coa realización destes aprenderase a facer o traballo final da materia. Polo tanto, as dúbidas do alumnado serán contestadas tanto na aula como nas horas de titoría da profesora.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	A preparación dos exercicios, así como a asistencia, as intervencións na aula, para participar na discusión, e a resolución destes serán valoradas.	30	A2 A5 D3
Traballos e proxectos	O alumnado terá que realizar un traballo no que se poñan en práctica os coñecementos teóricos adquiridos.	75	A2 A5 C8 C10

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que desexe acollerse á avaliación continua ECTS deberá asistir polo menos ao 80% das clases presenciais - teóricas e prácticas-. Para superar a materia, deberá realizar todos os traballos estipulados pola profesora. As prácticas, exercicios propostos e o traballo terán que ser entregados na data establecida. Fóra dese prazo non serán admitidos.

No caso de que non poidan asistir por causas xustificadas deberán falar coa profesora durante os 15 primeiros días do curso.

O alumnado estranxeiro de intercambio (Erasmus, Sócrates...) seguirá os mesmos sistemas de avaliación que o alumnado propio.

Tanto nos traballos e actividades que realicen como no exame penalizaranse as faltas de ortografía.

O alumnado terá que facer un exame dos primeiros capítulos do libro de Antonio Briz *El español coloquial en la conversación* (referencia completa en la bibliografía).

O alumnado que non cumpra os requisitos da avaliación continua, que opte pola avaliación única e na 2ª edición das actas, realizará un único exame nas datas oficiais establecidas pola Facultade (xullo). Este consistirá nun exame sobre a materia dada e presentada no programa da asignatura.

Bibliografía. Fontes de información

Beinhauer, W, **El español Coloquial**, Madrid,

Briz Gómez, A., **El español coloquial en la conversación**, Barcelona,

Briz Gómez, A., **El español coloquial: situación y uso**, Madrid,

Cortés, I., **Sintaxis del coloquio. Aproximación sociolingüística**, Salamanca,

Cortés, L, **Sobre conectores, expletivos y muletillas en el español hablado**, Málaga,

Gallardo, Pauls, B., **Análisis conversacional y pragmática del receptor**, Valencia,

Gumperz. J.J., **Discourse Strategies**, Cambridge,

Hidalgo, A., **La entonación coloquial. Función demarcativa y unidades de habla**, Valencia,

León, V., **Diccionario del argot y el lenguaje popular**, Madrid,

López García, A., **Comprensión oral del español**, Madrid,

Sánchez, A., Sarmiento, R., Campos, P y J. Simón, **CUMBRE, corpus lingüístico del español**, Madrid,

Vigara, A.M., **Morfosintaxis del español coloquial**, Madrid,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación nos medios (en español e galego)/V01G160V01902
